

Plan de Acción Titorial



CEIP “A Xunqueira-1”

Pontevedra.

Índice

<u>1. -INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>2</u>
<u>2. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS.....</u>	<u>3</u>
<u>3. OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL.....</u>	<u>3</u>
<u>4. FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL.....</u>	<u>4</u>
<u>5. FUNCIÓNS DOS TITORES.....</u>	<u>4</u>
<u>6.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA FUNCIÓN TITORIAL.....</u>	<u>6</u>
<u>Centrados no alumnado.....</u>	<u>6</u>
<u>Centrados no Equipo Docente do Centro.....</u>	<u>6</u>
<u>Centrados nas familias.....</u>	<u>6</u>
<u>Centrados no Equipo Directivo do Centro.....</u>	<u>7</u>
<u>7. ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.....</u>	<u>8</u>
<u>Centradas no alumnado.....</u>	<u>8</u>
<u>Centradas no Equipo Docente.....</u>	<u>10</u>
<u>Centradas nas familias.....</u>	<u>11</u>
<u>8. METODOLOXÍA.....</u>	<u>12</u>
<u>9. AVALIACIÓN DO PAT.....</u>	<u>12</u>
<u>10. LEGISLACIÓN.....</u>	<u>15</u>
<u>11. ANEXOS.....</u>	<u>16</u>
<u>ANEXO I PLAN ACOLLIDA EDUCACIÓN INFANTIL.....</u>	<u>16</u>
<u>ANEXO II PLAN ACOLLIDA ALUMNADO DE NOVO INGRESO.....</u>	<u>16</u>
<u>ANEXO III PLAN ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO.....</u>	<u>16</u>

1. -INTRODUCCIÓN

Este Plan de Acción Tutorial enmárcase no Proxecto Educativo, segundo establece o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/20013 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

A acción tutorial enténdese como un proceso de axuda e orientación por parte do profesor/a, para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a e que abrangue o conxunto de accións encamiñadas ao coñecemento do alumno/a, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno/a a toma de decisións e o seu desenvolvemento como persoa.

Segundo a Orde 22 de xullo de 1997, que regula determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria:

- Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do Xefe de Estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. O mestre titor, ademais de tarefas específicas como docente, responsabilizarase da acción tutorial do seu grupo.
- Nos centros nos que o número de mestres sexa igual que o número de unidades, cada mestre desempeñará a tutoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres sexa superior ao de unidades, a tutoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal con dito grupo.
- A asignación de tutorías aos especialistas farase aos especialistas que teñan máis horas dispoñibles, procurando – ao mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.
- Co fin de facilitar a relación do profesor titor coas familias, fixarase na programación xeral anual unha hora para a atención aos pais. Programaranse, igualmente, reunións globais coas familias por tutorías, niveis ou ciclos (EI) , encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo.

2. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS

A acción tutorial considérase intrinsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e que pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e aos obxectivos de cada etapa.

O plan guíase polos seguintes principios:

- Personalización: Edúcase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un.
- Individualización: Edúcase a persoas concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.
- Integración: Edúcase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á parcelación educativa ou dos coñecementos.
- Diversificación: Edúcase axustando a ensinanza ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciais.
- Tutoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e á maduración da personalidade do alumnado.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL

- Contribuír á personalización da educación entendida no seu carácter integral de desenvolvemento de todos os aspectos da persoa e individualizando con aptitudes e intereses diferenciais.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado articulando as medidas oportunas de apoio ó proceso de ensinanza – aprendizaxe.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e das progresivas decisións.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, evitando no posible, fenómenos indesexables como o fracaso ou a inadaptación escolar.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, asumindo o papel de mediador e facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan xurdir.

4. FUNCIONES DA ACCIÓN TITORIAL

Pódense agrupar en nos seguintes ámbitos:

- * Desenvolvemento psico-social do alumnado.
- * Favoredor a adaptación escolar.
- * Optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- * Coordinación da acción educativa do equipo docente do grupo.
- * Orientación ás familias.
- * Desenvolvemento de hábitos básicos.

5. FUNCIONES DOS TITORES

Aparecen recollidas no artigo 81 do Decreto 374/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos centros de Educación infantil e de Primaria (DOG do 21 de outubro de 1996). Tamén se menciona a figura do titor na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio (artigo 14) e na Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro (artigo 18).

- Proporcionar no principio de curso ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- Informar aos alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

- Orientar aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar ante o resto de profesores alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das características especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Coordinar as adaptacións, curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente a promoción dos alumnos dun nivel a outro, logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados aos pais ou titores legais e ao xefe de estudos.
- Atender xunto co resto do profesorado, ao alumnado mentres permanece no centros nos períodos de lecer.
- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- Aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.
- Todas estas funcións, poderían agruparse en tres ámbitos de intervención:
 - No ámbito do alumnado.
 - No ámbito das familias.

- Intervención co profesorado que intervén no grupo-clase.

6.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA FUNCIÓN TITORIAL.

Centrados no alumnado

- Facilitar a integración do alumnado no grupo-clase e na dinámica escolar, solicitando a axuda da familia para que esa adaptación sexa o máis natural posible.
- Dar unha resposta educativa axeitada ás dificultades de aprendizaxe existentes.
- Facer un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as posibles dificultades e as necesidades especiais coa finalidade de elaborar respostas educativas axeitadas e conseguir, de ser o caso, os apoios e asesoramentos oportunos.
- Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar do alumnado a través da análise do expediente persoal, entrevistas cos pais, informes de cursos anteriores, etc...
- Preparar e adquirir aprendizaxes instrumentais básicas, sobre as que se asentarán o resto de aprendizaxes escolares sempre tendo presente os aspectos diferenciais de cada un.
- Fomentar o desenvolvemento da identidade persoal, procurando desenvolver no alumnado un autoconcepto e autoestima axeitados.
- Crear e desenvolver hábitos básicos de: limpeza, orde, convivencia, participación, responsabilidade e autonomía.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado e asesorar e orientar sobre a promoción.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes e hábitos participativos no centro e na contorna social.
- Adquirir progresivamente hábitos de autonomía, técnicas de autoaprendizaxe e de traballo intelectual.
- Avaliar de xeito sistemático o proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de axustar a programación ás necesidades educativas do grupo.

Centrados no Equipo Docente do Centro

- Coordinar a información acerca do alumnado que ten o profesorado que incide sobre o grupo especialmente para aqueles alumnos/as con NEAE.
- Elaborar as ACS do alumnado que o precise.
- Coordinar o proceso de avaliación e recoller a información de cada alumno.
- Posibilitar liñas comúns de acción con outros titores no marco do PEC e PCC.

Centrados nas familias.

- Potenciar unha relación fluída familia/centro, con intercambio de puntos de vista.
- Implicar aos pais en actividades de apoio ao proceso de aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

- Informar, asesorar e orientar aos pais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.
- Pedir a colaboración dos pais nas actividades complementarias do centro, e a súa participación en actividades organizadas pola comunidade educativa.

Centrados no Equipo Directivo do Centro

- Colaborar na optimización do rendemento educativo e académico no centro.
- Facer propostas de asignación das titorías a partires de criterios pedagóxicos e estimular a consolidación dos equipos de titores.
- Planificar no horario un tempo encamiñado ao desenvolvemento da acción titorial.
- Promover a avaliación continuada do Programa de Acción Titorial do centro.

7. ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

Centradas no alumnado

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Actividades de acollida para o alumnado de 4 anos. * Flexibilización dos primeiros días.	SETEMBRO	Plan de adaptación do alumnado de 4º de Infantil. Calendario escolar.
Fomento da convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro. Dar a coñecer: dereitos e deberes, NOFC, normas da aula...	SETEMBRO	Organización e funcionamento da aula: Elaboración das normas da clase. Exercicios que favorezan a relación e integración do grupo.
Integración de novos alumnos no grupo (repetidores, alumnos de novo ingreso...)	SETEMBRO	Xogos de presentación, cooperativos...
Información sobre os antecedentes académicos dos alumnos.	1ª QUINCENA SETEMBRO	Expediente académico. Historial académico. Informe persoal por traslado. Avaliacións iniciais e finais. Entrevista coa familia.
Avaliación inicial	SETEMBRO	Historial académico, observacións, probas, ...
Solicitud de intervención ou asesoramento do Departamento de Orientación para os casos que o requiran.	TODO O CURSO	Modelo de solicitude
Coñecemento dos hábitos de estudo e estilos de aprendizaxe individuais e grupais.	PRIMEIRO TRIMESTRE	Rexistros de observación. Anecdotarios. Diarios de clase.
Establecemento das necesidades de apoios e reforzos educativos.	PRIMEIRO TRIMESTRE	Profesorado de PT e AL Profesorado de apoio e desdobres. PROA (3º, 4º, 5º e 6º)
Elaboración Plans Apoio e Reforzo	PRIMEIRO TRIMESTRE	Modelo elaborado polo Departamento de orientación
Selección do alumnado que asistirá ao PROA	NOVEMBRO- DECEMBRO	Expediente académico. Resultados das probas realizadas.
Recollida de información sobre temas de	TODO O CURSO	Asembleas de clase.

interese para os alumnos e posibilidade de realización dalgunha das súas propostas.		
Desenvolvemento dunha autoestima positiva. Estratexias de mellora.	TODO O CURSO	Xogos, películas, asambleas.
Desenvolvemento de destrezas instrumentais.	TODO O CURSO	Programa de reforzo das técnicas instrumentais.
Desenvolvemento de hábitos básicos de convivencia.	TODO O CURSO	Elaboración normas aula....
Coñecemento de hábitos e/ou técnicas de estudo a nivel individual e grupal (3º a 6º)	TODO O CURSO	Traballo e esquemas, resumos, guións....
Información ao alumnado de 6º sobre o cambio de etapa.	MAIO-XUÑO	Visita ao IES A Xunqueira 1 coa orientadora do IES.
Redistribución do alumnado que pasa a 1º, 3º e 6º.	XUÑO	Criterios reflectidos nas NOFC. Orientacións do profesorado do curso anterior e Dep de Orientación.
Traballo do bo uso nas novas tecnoloxías e da relación cos demais.	XUÑO	Solicitud de participación no Plan Director (TIC e bullying) para o alumnado de 5º e 6º.
Información ao Departamento de Orientación do IES A Xunqueira 1 das características e necesidades do alumnado do noso Centro que se incorpora ao IES	MAIO – XUÑO	Xuntanza no IES A Xunqueira 1 da orientadora os titores de 6º coa orientadora do IES.

Centradas no Equipo Docente

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Recollida de información e propostas dos profesores de nivel	1º, 2º e 3º trimestres	Xuntanzas de nivel.
Transmisión de información a todo o profesorado que incide no grupo de alumnos	1º, 2º e 3º trimestres	Xuntanzas de nivel.
Revisión don Plan de Acción Titorial	1º, 2º e 3º trimestres	Xuntanzas de nivel e Claustro.
Sesións de avaliación	1º, 2º e 3º trimestres	Xuntanzas de nivel. Reunión de avaliación.
Decisión sobre a promoción ou permanencia do alumnado no nivel.	XUÑO	Criterios de promoción. Xuntanzas de nivel.
Programación e preparación das actividades complementarias	PUNTUALMENTE	Equipo de Actividades Complementarias. Xuntanzas de nivel.
Coordinación das actuacións no tratamento das necesidades educativas especiais e nas actividades de apoio	1º, 2º e 3º trimestres	Indicacións do Departamento de Orientación. Orientacións da CCP
Elaboración e elección de materiais didácticos.	1º e 3º trimestres	Xuntanzas de nivel e Claustro
Informe final de avaliación	XUÑO	Xuntanza de nivel: recomendacións escritas cara o verán.
Elaboración do PCC	TODO O CURSO	Xuntanzas de nivel e Claustro.
Recomendacións para o alumnado de 4º de Infantil de ingreso no curso seguinte	XUÑO	Xuntanza de Orientación e equipo de ciclo coas familias. Recomendacións por escrito ao formalizar a matrícula.
Programar actividades de acollida ao novo profesorado.	SETEMBRO	Entrega dunha carpeta con toda a información necesaria.

Centradas nas familias.

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Entrevista persoal ao inicio da escolarización.	SETEMBRO	Guión Intercambio de información.
Xuntanza xeral de nivel ao inicio do curso.	OUTUBRO	Guión xeral para a xuntanza: Programación. • Avaliación • Organización do traballo. • Tempo de lecer.
Datos persoais do alumno.	SETEMBRO	Ficha persoal do alumno. Expediente académico.
Escola de Pais	1º TRIMESTRE	Equipo do Concello, ANPA
Información trimestral escrita dos resultados de avaliación do alumno.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE	Boletín de notas. Abalar móbil.
Entrevistas persoais individuais. Información periódica sobre a conduta e o rendemento académico dos seus fillos.	TODO O CURSO	Horario de atención aos pais. Intercambio de información. Rexistro anecdótico, listas control..
Información sobre normas de conduta que favorecen a adquisición de hábitos e técnicas de estudo.	TODO O CURSO	Xuntanza xeral de inicio de curso. Horario de atención aos pais.
Información sobre orientación académica ao remate de Primaria (6º curso)	MAIO – XUÑO	Xuntanza no IES A Xunqueira 1 da orientadora os titores e as familias do alumnado..
Recomendacións para os alumnos de 4º de Infantil de ingreso no curso seguinte	XUÑO	Xuntanza de Orientación e equipo de nivel coas familias: recomendación de cara ao verán.

8. METODOLOXÍA

O Departamento de Orientación debe enfocarse dende a colaboración, tratando de axudar á comunidade educativa e amosando sempre una boa dispoñibilidade a calquera iniciativa proposta tanto dende as titorías como polo resto do profesorado, alumnado ou familias.

Por outra banda, as intervencións en orientación teñen que se desenvolver no marco da concepción educativa e curricular. Dende esta premisa a intervención do departamento forma parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado.

Tamén temos en conta que as tarefas de orientación do departamento se dirixen fundamentalmente os alumnos, suxeitos activos da súa propia educación.

Porén, o referente básico do alumno non esixe que a intervención estea sempre centrada no caso individual; ao contrario, a perspectiva da intervención procurará ser global ou sistémica, polo efecto multiplicador que produce.

Intentarase que o tratamento sexa personalizado, promovendo a atención individual ó alumnado que o necesite. Dende a titoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de : revisión de expedientes, asesoramento do departamento de orientación, reunións de equipos docentes, aplicación de cuestionarios.

Ao longo do curso os titores reuniranse, periodicamente, coa orientadora, co obxecto de unificar criterios e pautas de actuación.

9. AVALIACIÓN DO PAT.

Os diferentes equipos de nivel reuniranse, logo das sesións de avaliación e información ás familias, para analizar cales foron as actuacións que se desenvolveron e cales foron as modificacións introducidas e as razóns das mesmas.

Os coordinadores de nivel informarán na reunión do Departamento de Orientación do tratado nestas reunións.

A fin de curso eses mesmos equipos realizarán unha valoración xeral do grao de satisfacción do plan desenvolvido e informarán sobre aquelas cuestións que deban terse en consideración no desenvolve-mento da acción tutorial do próximo curso.

Os instrumentos a empregar serán variados: entrevistas, enquisas, cuestionarios...

Exemplos:

Valora do 1 ao 3, sendo 1:mal, 2:regular e 3:ben, o grao de cumprimento das funcións dos responsables da acción tutorial:

Titor	1	2	3
Coordinador de Equipo Docente			
Departamento de Orientación			
Xefatura do D. O.			
Xefatura de Estudos.			

Valora o grado de consecución dos obxectivos propostos.

PEDAGÓXICOS	SI	NON	EN PROCESO
Axustar a ensinanza ás características individuais, referida a persoas coas súas aptitudes e intereses diferenciados, proveitalas e enriquecelas, previndo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando o fracaso e a inadaptación escolar.			
Contribuír ao desenvolvemento da socialización, ensinando a convivir de maneira pacífica e satisfactoria, educando as destrezas e habilidades sociais para a convivencia, anticipándose a condutas problemáticas que puideran xurdir.			
Favorecer os procesos de desenvolvemento das capacidades de pensamento, de aprender a pensar e de aprender a aprender, coa ensinanza de estratexias e procedementos de aprendizaxe, contribuíndo á mellora do desenvolvemento intelectual e conseguintemente á mellora do rendemento escolar e a competencia en situacións sociais.			
Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que os alumnos han de ir adoptando opcións na súa vida.			
CO ALUMNADO			
Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar, fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e respecto á diferenza.			
Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino aprendizaxe.			
Realizar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado			

que permita detectar as dificultades e as necesidades especiais, con obxecto de artellar as respostas educativas axeitadas e recadar, no seu caso, o correspondente asesoramento e apoio.			
Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas no seu entorno sociocultural e natural.			
CO PROFESORADO			
Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumnos, especialmente para quen teñan necesidades educativas especiais e/ou de apoio.			
Coordinar o proceso avaliador que levan adiante os profesores do grupo-clase, así como, en xeral, recoller toda a información de que dispoña o profesorado sobre cada alumno			
COAS FAMILIAS			
Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas nais e pais a fin de facilitar a conexión entre o Centro e as familias.			
Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e de orientación dos fillos.			
ORGANIZATIVOS			
Facer propostas de asignación das titorias a partires de criterios pedagóxicos e estimular a consolidación dos equipos de titores.			
Planificación do tempo, dentro do horario escolar, para preparar e desenvolver actividades titoriais.			

10. LEXISLACIÓN

Para a elaboración deste documento empregáronse os seguintes materiais:

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG nº 213 do 7 de novembro de 1995.)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, (DOG do 21/10/96).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, (DOG do 28 de novembro de 1996).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, (DOG do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, (DOG do 31 de xullo).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, (DOG do 30 de xaneiro de 2003).
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumno.
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño polo que se establece o currículo de E.Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG do 23/06/2009).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, (DOG 15 de xullo de 2011).

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (DOG 21 de decembro de 2011).
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG de 9 de setembro de 2014).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, (DOG 27 de xaneiro de 2015).
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG do 10/06/2016).

11. ANEXOS

ANEXO I PLAN ACOLLIDA EDUCACIÓN INFANTIL

ANEXO II PLAN ACOLLIDA ALUMNADO DE NOVO INGRESO

ANEXO III PLAN ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO

Pontevedra, ____ de _____ de 2017.